

TESES CON PROTECCIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INDUSTRIAL E/OU INTELLECTUAL OU TESES CON CLÁUSULAS DE CONFIDENCIALIDADE CON EMPRESAS

Normativa

O artigo 36 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC regula a presentación das teses con protección de dereitos, trátase daquelas cuxos contidos están afectados por cláusulas de confidencialidade con empresas, ou daquelas que poidan xerar dereitos de propiedade industrial e intelectual e cuxos contidos non se poidan difundir antes de estaren debidamente protexidos.

Procedemento

O/a doutorando/a iniciará o procedemento presentando unha Solicitud por rexistro electrónico dirixido á EDIUS, este documento esta dispoñible na web deste centro. Xunto coa solicitude deberá entregar a seguinte documentación:

- **PDF desprotexido do exemplar completo**, achegarase xunto co resto dos documentos en PDF solicitados para a presentación da tese. Esta versión será a que se envíe desde este centro aos membros do tribunal nomeado para a súa avaliación, **unha vez que remitan asinado o Compromiso de confidencialidade**. Esta versión tamén será enviada dende o centro o/a Coordinador/a do programa ou persoa en quen delegue, para a súa valoración na CAPD e aos membros da Comisión Executiva da sección á que pertenza a tese de doutoramento, **unha vez que remitan asinado o Compromiso de confidencialidade**.
- Unha vez autorizada a defensa, se lle pedirá un **exemplar en papel coa versión completa**, que cumpra o establecido pola USC respecto ás sinaturas e formato, que quedará arquivado na USC baixo compromiso de custodia e segredo.

O responsable da Escola de Doutoramento asinará un **Compromiso de custodia**, baseado na información da solicitude presentada, que se entregará ao doutorando/a. Na EDIUS custodiarase toda a documentación presentada polo doutorando/a.

Presentación ante a CAPD e documentación adicional

Ademais da documentación relativa á presentación de todas as teses, as persoas doutorandas cuxas teses sigan este procedemento, presentarán a seguinte documentación adicional:

- **Unha copia do compromiso de custodia** asinado polo director/a da escola correspondente.
- **Un exemplar en papel coa versión reducida da tese** na que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difundir ou polo deber de segredo ou confidencialidade. Este exemplar será o que se consulte no prazo de exposición pola comunidade científica doutoral. Esta versión é sobre a que versará a exposición e defensa pública da tese.
- **O PDF desprotexido da versión reducida**, e co resto dos documentos en PDF solicitados para a presentación da tese.

Defensa da tese

Se no momento da defensa da tese, o tribunal desexa formular cuestións á persoa doutoranda sobre os contidos protexidos, estas intervencións faranse nunha sesión privada, con carácter previo ou posterior á pública.

Publicación da tese no repositorio institucional/ Teseo

Unha vez aprobada a tese, o exemplar reducido será o que se publique no repositorio institucional Minerva e en Teseo. A versión reducida presentada en papel será enviada á Biblioteca Xeral da USC. Unha vez finalizado o período de protección, procederase á substitución dese PDF polo do exemplar completo, así como o envío da versión completa en papel á Biblioteca Xeral da USC. En caso de que o doutorando/a non indique na súa solicitude a duración da protección, comprométese a comunicar a súa finalización para proceder á substitución dos exemplares.